

# As relacións exteriores do Sindicato Labrego Galego

*Lidia Senra*

**E**ncetada a súa andaina, as Comisións Labregas –agora Sindicato Labrego Galego– sempre tiveron clara a necesidade de manter relacións con outras organizacións para fortalecer a loita común en defensa dos labregos e das labregas e do medio en que vivimos e traballamos, o medio rural.

Así, na década dos oitenta, tivo unha grande importancia a relación coas organizacións agrarias da Cornixa Cantábrica. Neste marco, cun forte peso do gando vacún (leite e carne) e cun xeito de produción moi similar, reuniámonos o Sindicato Labrego Galego (SLG), a Unión de Campesiños de Asturias, a Unión de Gandeiros Montañeses de Cantabria e o Sindicato EHNE do País Vasco, fundamentalmente para abordar cuestións relacionadas coa gandería: prezos, políticas do goberno do estado para o vacún, especialmente para o sector leiteiro.

Esta etapa estivo moi marcada polo debate durante o ano 1985, sobre a entrada do Estado español no entón denominado Mercado Común Europeo. Nesta altura, había dúas organizacións, a asturiana e a cántabra que formaban parte da COAG (Coordinadora de Organizacións Agraria e Gandeiras) do Estado español. A COAG estaba pola entrada. As Comisións Labregas e EHNE estabamos en contra. Foi un debate difícil, no que de xeito habitual participaban persoas do equipo técnico da COAG de Madrid que viñan a defender a posición do goberno do Estado. Este feito provocou certo distanciamento na relación entre as organizacións.

## **A entrada na UE**

---

A pesar das diferenzas que había sobre a entrada na Comunidade Económica Europea, as organizacións da Cornixa non estabamos de acordo co volume de cota que se negociaba para o Estado español. En maio de 1985, unha representación dos sindicatos da Cornixa viaxou a Bruxelas, onde mantivo unha entrevista cos negociadores españois e realiza o primeiro acto de protesta diante da Comunidade. A postura da presidencia italiana era deixar ao Estado español cunha cota equivalente ao volume de produción do ano 1983.

Outros sete países entre os que se atopaban Holanda e Irlanda pelexaban para que a cota fose o equivalente a produción de 1981. E posíbel que fose este o primeiro acto de protesta diante das institucións europeas no que ondeou a bandeira nacional galega.

Dende este momento, producíronse dous feitos que tiveron moita incidencia no esmorecemento da relación entre as organizacións da Cornixa Cantábrica. Por un lado, UCA deixou de pertencer á COAG, coa cal abandona parte dos principios que compartiamos e, EHNE no seu Congreso de 1986 decide integrarse en COAG, co cal perde interese en manter este marco fóra de cuestións puntuais moi concretas.

A partir desta situación e, a nivel de Estado español, o Sindicato Labrego Galego establece relacións con COAG, organización en que están integradas as organizacións das outras nacións do Estado (UP de Catalunya e como xa de dixo EHNE do País Vasco).

As relacións do SLG coa COAG pasaron por diferentes momentos, produciuse un maior acercamento no 2002, coas eleccións a cámaras agrarias. No SLG somos conscientes da necesidade de chegar coas nosas propostas para incidir nas políticas do Ministerio e defendemos o noso dereito a representarnos a nós mesmos en calquera foro ou organismo. O que ocorre é, que tal e como estaba a Lei de cámaras agrarias, impedía legalmente ás organizacións nacionalistas acadar a consideración de máis representativas, no noso caso, aínda sacando os votos de todos os labregos e todas as labregas de Galiza non acadaríamos a porcentaxe que marcaba a lei.

No momento no que se convocaron as eleccións a Cámaras en Galiza, o SLG e a COAG xa compartiamos unha posición moi crítica en relación á política agraria común e en defensa das explotacións labregas e mesmo compartiamos e compartimos os principios básicos nos que debería basearse a política agraria do goberno do Estado.

Isto levounos a facer unha profunda reflexión da que xurdiu un acordo de constitución dunha coalición electoral, de tal xeito que os votos do SLG computaban para a COAG no marco do Estado, contribuíndo así a que COAG seguise sendo a primeira organización a nivel de Estado. COAG comprometiase a non presentarse ás eleccións en Galiza, recoñecendo ao SLG dentro deste acordo de Coalición Electoral como o único representante dos labregos e labregas diante das institucións galegas.

Ao mesmo tempo asinouse un convenio de colaboración, vixente na actualidade, que nos permite ter o mesmo nivel de información das decisións do goberno do Estado que nos afectan e tamén poder canalizar as nosas propostas para as políticas do goberno de Madrid que nos afectan.

## **O SLG e os movementos labregos en Europa**

---

Unha vez que o goberno español entra no Mercado Común, o SLG inicia os primeiros contactos con organizacións de outros Estados que xa formaban parte da Comunidade Económica Europea. Organizacións que eran moi críticas coa política agraria europea, entre elas estaba a Confederation Paysanne de Francia.

O SLG participa a principios do 1986 nun encontro en Madrid no que están presentes estas organizacións. Un pouco máis tarde recibe unha visita de labregos e labregas da Confederation Paysanne que querían coñecer a realidade dos labregos e das labregas de Galiza. A partir dese momento o SLG mantén contactos permanentes e participa en actividades deste grupo de organizacións, o que lle permite ter un bo nivel de información e de coñecemento das decisións da Comisión Europea en materia de agricultura.

En 1989, e despois de tres anos de aplicación das políticas europeas e fundamentalmente da política de cotas e despois de varias loitas contra a situación de discriminación que colocaba aos labregos e labregas a política agraria común, entre elas e a máis destacada a das cotas do leite, as Comisións Labregas celebran o seu III Congreso.

Neste congreso lánzase un proxecto sindical anovador para integrar a todo o espectro do nacionalismo partidario e a todos aqueles labregos e labregas se opoñían ás políticas antilabregas e antigalegas que estabamos sufrindo. Pretendíase así preparar as Comisións Labregas, que pasou a denominarse publicamente Sindicato Labrego Galego, para afrontar os novos retos que a política agraria europea supoñía para os labregos e para as labregas e para o agro galego no seu conxunto.

Neste Congreso tamén valoramos que, ao contrario do que nos querían facer ver dende os poderes públicos, os nosos competidores, non eran os labregos nin as labregas da Europa comunitaria, eles e elas tamén eran ao igual que nós vítimas dunha política agraria europea deseñada para favorecer o negocio das multinacionais. Eramos conscientes de que a única forma de avanzar nas nosas reivindicacións fronte a esta política era aliándonos de maneira estable, con organizacións que compartían a necesidade de cambiar a PAC. Foi así como neste Congreso tomamos a decisión de entrar como membros de pleno dereito na Coordinadora Labrega Europea, coñecida polas súas siglas en francés, CPE.

O obxectivo desta Coordinadora era e segue a ser a loita por unha nova política agraria europea que manteña o maior número de labregas e labregos en toda a Unión Europea e que responda aos intereses do conxunto da sociedade europea, e non só aos intereses da multinacionais. Unha política agraria europea que manteña o medio rural vivo, que os labregos e labregas poidan vivir dignamente do seu traballo en toda a UE, para o cal compre manter o control da produción, compre unha profunda redistribución dos dereitos de produción e das axudas públicas entre todos os labregos e todas as labregas da Unión Europea, compren prezos remuneradores do traballo labrego. Compre dende as políticas agrarias establecer modos de produción sostíbeis social e ambientalmente que ao mesmo tempo xeren unha alimentación san e de calidade.

Nesta Coordinadora o SLG mantén unha participación moi activa, tanto nos debates e propostas para definición do funcionamento interno como para a definición de propostas. Temos tamén organizado multitude de Seminarios Europeos de

Formación con temáticas moi variadas (leite, desenvolvemento rural, carne de vacún, mulleres, agricultura ecolóxica, produto caseiro). Na actualidade e, dende hai algo máis de dez anos, temos unha persoa participando na Comisión Executiva. Tamén nestes últimos dez anos, temos representado á Coordinadora en Comités Consultivos da Comisión (Desenvolvemento Rural, PAC, sectores gandeiros, grupo leite...).

## O contexto internacional

---

O capitalismo segue avanzando e no marco mundial as institucións do mesmo, FMI, BM, están impondo nos países en desenvolvemento as famosas políticas de axuste que están levando á ruína a millóns de labregas e labregos que se están organizando fortemente para sobrevivir.

Nas negociacións da Rolda de Uruguai, preténdese entrar a saco na liberalización dos mercados agrícolas. Isto tanto na Coordinadora Labrega Europea (da que forman parte organizacións agrarias de outros estados non membros da UE como Suíza e Noruega) como na National Family Farmers Coalition dos Estados Unidos e na organización de explotacións labregas familiares do Canadá vese como un ataque moi forte ás pequenas e medianas explotacións labregas e como a outra cara da mesma política que está destruindo ao campesiñado nos países menos desenvolvidos.

Así no ano 1992, no marco do Congreso dunha organización labrega de Nicaragua, onde estaban presentes organizacións do Norte, entre elas a CPE, e do Sur, entre elas o MST de Brasil, prodúcese un intercambio e vese a necesidade de articular a voz das labregas e dos labregos a nivel mundial.

Naquel momento, estabamos no que foi a recta final das negociacións da rolda de Uruguai do GATT. Había moito debate en torno á agricultura e nestes foros moitas organizacións falaban no nome dos labregos e labregas, pero ningunha era labrega.

En 1993, prodúcese a primeira reunión de organizacións labregas de moitos países procedentes de todos os continentes; o SLG tamén estivo alí. Nesta reunión constitúese formalmente a Vía Campesiña (VC) como un movemento labrego internacional que pretende levar a voz dos labregos e das labregas do mundo ante os foros internacionais. Pretende tamén a Vía Campesiña definir propostas comúns ante o neoliberalismo, que fundamenta as políticas agrarias en todo o mundo e que arrasa coas explotacións labregas e volve aos países tremendamente dependentes en materia de alimentación e fai avanzar a fame e a desnutrición no Planeta.

As políticas de axuste do FMI e do BM, o Farm Bill dos Estados Unidos ou a PAC da Unión Europea tiñan en común os efectos devastadores do medio rural e das explotacións labregas en todo o mundo.

No ano 1994, asínase a Rolda de Uruguai e créase a Organización Mundial do Comercio (OMC). A VC está moi atenta a esta situación, pois é esta a Organización que

se vai encargar de buscar a forma de liberalizar os mercados agrarios en todo o mundo. O noso obxectivo é parar as propostas da OMC. O noso lema “agricultura e alimentación fóra do OMC” estivo presente en Seattle, Cancún e Hong Kong.

En 1996, a Vía Campesiña lanza no marco do cumio da alimentación da FAO, celebrado en Roma, a súa proposta de Soberanía Alimentaria fronte ás políticas de liberalización dos mercados agrícolas das que son actores principais os Estados Unidos e a Unión Europea. A soberanía alimentaria é o dereito de todos os pobos do mundo a decidir as súas políticas agrarias e alimentarias. E o dereito dos labregos e das labregas a producir a alimentación básica para os seus pobos. E o dereito da cidadanía a dispoñer dunha alimentación san, de calidade, en cantidade suficiente e que responda á súa cultura alimentaria.

As organizacións que formamos parte da Vía Campesiña somos conscientes de que ningún pobo poderá ter soberanía política plena se non ten asegurado o dereito á soberanía alimentaria. “Un pobo que dependente en alimentación será sempre un pobo escravo”. Na actualidade, os pobos dependemos para alimentarnos das grandes corporacións transnacionais do negocio agro-químico-farmacéutico e da grande distribución. Elas son as que marcan as decisións no marco de organismos totalmente antidemocráticos como a Organización Mundial do Comercio e que logo se traspasan ás políticas agrarias en case todo o mundo.

O Sindicato Labrego Galego, como organización nacionalista que é, comparte plenamente esta posición e por iso unha das propostas que fixo no marco do debate da reforma do estatuto galego foi a inclusión do dereito do pobo galego á Soberanía Alimentaria.

## Os obxectivos

---

Dentro da Vía Campesiña, a loita contra estes grandes monstros está ao mesmo nivel que a loita para cambiar as políticas neoliberais.

Dentro deste marco reivindicativo, as organizacións da Vía Campesiña compartimos que só conseguiremos acadar o dereito de Soberanía Alimentaria cando as políticas agrarias asuman os seguintes principios básicos:

1. Prioridade na produción dos alimentos básicos de cada pobo.
2. Prioridade e defensa dos mercados locais e de proximidade.
3. Dereito á protección aduaneira.
4. Control da produción.
5. Os produtos alimentares que sexan obxecto de mercado internacional non poden destruír os mercados nin as producións agrícolas do país ao que chegan. Non pode darse ningunha situación de *dumping*, nin social, nin económico, nin medioambiental.
6. Prezos que remuneren o traballo de produción das labregas e dos labregos
7. Aceso á terra, a auga e as sementes. Manter os recursos naturais como un patrimonio dos pobos ao servizo da humanidade. Impedir o control das multinacio-

nais dos mesmos mediante a manipulación xenética, as patentes sobre os seres vivos, as privatizacións, como no caso da auga, ou outros.

8. A terra debe ser utilizada para a produción dos alimentos e non para alimentar os coches (agrocombustíbeis).

9. Políticas públicas para o desenvolvemento da produción labrega e servizos públicos de apoio e asesoramento as explotacións.

10. Respecto dos dereitos dos labregos e das labregas en todo o mundo.

11. Modos de produción sustentábeis, baseados na agroecoloxía.

12. Recoñecemento dos dereitos das labregas.

Compre destacar que na actualidade só existen dous movementos organizados a nivel mundial para contestar ao neoliberalismo, son a Vía Campesíña e a Marcha Mundial das Mulleres. A Secretaría das Mulleres do SLG participa tamén na Marcha Mundial das Mulleres de Galiza.

Tanto no Sindicato Labrego Galego como nas organizacións coas que nos relacionamos no marco europeo e mundial, somos conscientes da necesidade de articular alianzas con organizacións sindicais de asalariados e asalariadas, organizacións preocupadas pola alimentación e polo medio ambiente, organizacións que traballan no ámbito da cooperación...

Para nós as políticas agrarias non poden ser abordadas dunha maneira corporativista. Afectan loxicamente aos labregos e ás labregas, pero tamén ao conxunta da cidadanía. Os impactos da industrialización do proceso de produción agraria, que arranca da revolución verde, son devastadores (fame, desnutrición, obesidade e enfermidades relacionadas coa mesma, cancros, contaminación dos solos e das augas, deforestación, desertización do medio rural, concentración da poboación nas cidades, pobreza do medio rural...).

Isto lévanos a participar e moitas veces a impulsar diferentes redes e plataformas de traballo tanto no ámbito galego como no internacional. A nivel galego, neste momento acaban de constituírse a Plataforma Antitransxénicos de Galiza, que ten como primeiro obxectivo parar os ensaios de campo con millo transxénico (que, como é ben sabido, acaban de prohibirse en Francia), ou a iniciativa pola soberanía alimentaria dos pobos. Por esta mesma razón estamos participando na posta en marcha do Foro Social Galego ou nas mobilizacións da rede Galiza non se vende.

Nestes momentos, membros do Sindicato Labrego Galego están participando na Comisión Executiva de Coordinadora Labrega Europea e tamén nun grupo de traballo que está poñendo as bases para a reorganización da Vía Campesíña Europa. Tamén nestes momentos, unha muller do Sindicato Labrego Galego forma parte da Comisión Internacional de Mulleres da Vía Campesíña.

Seguimos adiante con noso lema internacional: “*globalicemos a loita, globalicemos a esperanza*”.

---

*Lidia Senra* é secretaria de Organización do Sindicato Labrego Galego.